

Sarandeses da Costa, profesora titular de universidade da área de coñecemento de bioquímica e biloxía molecular (Lugo), do departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2003.
Senén Barro Ameneiro
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 17 de decembro de 2003 pola que se nomea profesor titular de universidade da área de coñecemento de medicina, do departamento de Medicina, a José Joaquín Lado Abeal (praza 1984/2001).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por resolución desta universidade do 16 de novembro de 2001 (BOE do 4 de decembro) para a provisión da praza de profesor titular de universidade da área de coñecemento de medicina, do departamento de medicina da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de José Joaquín Lado Abeal, tendo en conta que o interesado cumpre os requisitos a que alude o punto 2º do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a José Joaquín Lado Abeal, profesor titular de universidade da área de coñecemento de medicina, do departamento de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2003.
Senén Barro Ameneiro
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

Resolución do 17 de decembro de 2003 pola que se nomea profesora titular de universidade da área de coñecemento de comercialización e investigación de mercados, do departamento de Organización de Empresas y Comercialización, a María Luisa del Río Araújo (praza 1993/2001).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión constituída para xulga-lo concurso convocado por resolución desta universidade do 16 de novembro de 2001 (BOE do 4 de decembro) para a provisión da praza de profesora titular de universidade da área de coñecemento de comercialización e investigación de mercados, do departamento de Organización de Empresas e Comercialización da Universidade de Santiago de Compostela, a favor de María Luisa del Río Araújo, tendo en conta que a interesada cumpre os requisitos a que alude o punto 2, do artigo 5 do Real decreto 1888/1984, do 26 de setembro.

Este rectorado, en uso das atribucións conferidas polo artigo 42 da Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a María Luisa del

Río Araújo, profesora titular de universidade da área de coñecemento de comercialización e investigación de mercados, do departamento de Organización de Empresas y Comercialización da Universidade de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2003.
Senén Barro Ameneiro
Rector da Universidade de Santiago de Compostela

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO SECCIÓN PRIMEIRA)

Anuncio (01/00001/2003).

Por este anuncio, para a súa publicación, para os efectos previstos no artigo 126.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativo, faise público que a Sección Primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con data 31 de outubro do corrente dictou auto no procedemento tramitado sobre cuestión de ilegalidade, rexistrada como segue:

Recurso: 01/000001/2003.

Órgano xudicial promovente: Xulgado Contencioso-Administrativo número dous de Pontevedra.

Acto impugnado: letra d) do artigo 8 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios de Administración da comunidade autónoma aplicable ó persoal da Administración local en virtude do seu artigo 1.3º.

A parte dispositiva da referida resolución é como segue:

«A sala acorda aclarar-la sentenza do 16 de abril de 2003 no sentido de que a súa decisión terá a seguinte redacción: Que estimando totalmente a cuestión de ilegalidade suscitada por auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo número dous de Pontevedra, do 26 de decembro de 2002, en relación coa letra d) do artigo 8 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, debemos anular e anulamo-lo dito precepto, así como o punto 3º do artigo 9, no particular que afecta a sanción de dedución proporcional de haberes, e o punto 2º do artigo 10, por resultar contrario ó ordenamento xurídico; esta resolución non afectará a eficacia da sentenza ou actos administrativos firmes que aplicasen os tales preceptos antes de que a anulación acadase efectos xerais, salvo que supoña a exclusión ou redución de sancións aínda non executadas completamente; unha vez firme esta resolución comuníquese ó xulgado de procedencia